

UN MONUMENTO LITERARIO QUE NOS DIGNIFICA

“Levamos toda a nosa vida amando a palabra...”


Manuel María é xa un dos clásicos da nosa literatura. El é o escritor galego da 2ª metade do século XX coa obra máis extensa e máis diversa en xéneros e destinatarios. A súa traxectoria coherente e o valor da súa obra foise impondo de xeito contundente á incompreensión e á ollada despectiva dos que non aceptaban unha defensa tan clara de Galicia e da súa cultura, feita sempre desde un punto de vista nacionalista.

Paseniñamente acadou unha importante popularidade en base á difusión da súa obra e ao contacto directo co seu público, producíndose tamén os premios e os recoñecementos. A súa palabra sigue viva nas escolas e fogares galegos, na música feita sobre os seus poemas, nas representacións teatrais das súas pezas, no recitado público dos seus versos, en múltiples actos culturais, na palabra doutros escritores/as e na súa Casa-Museo de Outeiro de Rei (Lugo). Alí está depositado o seu legado. Esvaecida pola enfermidade, chama do seu marabilloso gozo de vivir esperou con dignidade a morte, acontecida na Coruña o 8 de setembro de 2004.

Na Casa-Museo, antiga Casa de Hortas onde naceu o escritor, consérvase e expónse ao público o seu importante legado.



A relación de Manuel María co mundo artístico reflíctese na importante colección de obra plástica doada ao escritor, entre a que figuran diferentes retratos e caricaturas súas realizadas por Carlos Maside, Luís Seoane, José R. Villar, Mouriz, Ángel Doreste, Xavier Pousa, Vicente Eyré, Blas Lourés...



(...)
....cantando o impagábel
e marabilloso gozo de vivir,
esconxurando o gozo e a tristeza,
penetrando a nosa escuridade,
facendo precisa a imprecisión,
falando cos seres e coas cousas,
dando parte do mundo que herdamos,
clarificando a beleza no posíbel
e fixando a emoción que nos conmove
en cancións vagorosas para que o vento
llas poda transmitir a aqueles que
nos veñan suceder na nosa tribo.
Esta é a historia. Non hai outra.
E pregámoslle ao tempo
que nos sexa benévolo e piadoso

(Os lonxes do solpor, 1989)



O 15 de febreiro de 2003 Manuel María ingresou na Real Academia Galega co discurso "Terra Chá: poesía e paisaxe".



En setembro de 1995 a AS-PG tributoulle unha grande homenaxe nacional no Teatro Rosalía da Coruña que foi escaso para acoller as súas amizades e público leitor. Tamén estivo arroupado polas voces poéticas máis destacadas.

Manuel María
Beleza, amor e compromiso